

CONGRESO CONSTITUÍNTE

ESTATUTOS NACIONAIS

DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

Os traballadores e traballadoras das Administracións e Servizos Públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, conscientes de que só a solidariedade entre todos os traballadores e traballadoras permitirá a consecución dun sistema xusto de convivencia e plenitude democrática.

DECLARAMOS

Que a Federación Nacional de Empregados e Empregadas dos Servizos Públicos é unha Organización de traballadores e traballadoras de inspiración socialista integrada na Federación de Empregados e Empregadas dos Servizos Públicos e na Unión General de Trabajadores (UGT) de España das que asume os seus principios, afirmando que con isto sumamos o noso esforzo aos dos demais traballadores e traballadoras do país na súa loita por unha sociedade máis xusta e democrática, onde cese calquera tipo de explotación e garántase a dignidade, igualdade e liberdade das persoas e o pleno e libre desenvolvemento da personalidade humana fronte a todo tipo de opresión.

A tal efecto establecemos o que segue:

TÍTULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1. Nome e Sede

1.1. Nome

A Federación de Empregados e Empregadas dos Servizos Públicos de Galicia (en diante FeSP-UGT de Galicia) está integrada na Federación de Empregados e Empregadas dos Servizos Públicos e na Confederación Sindical Unión General de Trabajadores de España (UGT) e, como tal, acepta e fai seus os Principios Fundamentais, Estatutos e Normas da UGT e as Resolucións dos seus Órganos Confederais e Federais.

A FeSP-UGT de Galicia está constituída sen ánimo de lucro, principio regulador que guía as súas actuacións.

1.2. Sede

A FeSP -UGT de Galicia establece a súa sede en Santiago de Compostela, e o seu enderezo fíxase na Disposición Transitoria Primeira. Mediante acordo de Congreso poderase modificar como mellor conveña aos seus intereses; o cambio de enderezo poderá facerse tamén por acordo de Comité Nacional.

Artigo 2. Composición

A FeSP-UGT de Galicia está constituída territorialmente en catro Federacións Provinciais, as de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Así mesmo, constituiranse Delegacións Comarcais en Ferrol, Compostela Lemos, Costa, Valdeorras, Deza, Arousa e Pontevedra.

A FeSP-UGT de Galicia artículase profesionalmente en Sectores Nacionais, para contemplar a problemática dos distintos ámbitos de actividade e a necesaria harmonización entre eles.

Artigo 3. Autonomía

A FeSP-UGT de Galicia é unha Organización Sindical autónoma, libre e internacionalista, independente do Estado, do Goberno, das diferentes confesións relixiosas, dos partidos políticos e das patronais públicas e privadas.

Réxese única e exclusivamente pola vontade da súa afiliación, expresadas a través de resolucións, e polas Resolucións e Normas emanadas dos seus Congresos e dos seus órganos de participación, decisión, dirección e control.

Artigo 4. Funcionamento democrático

A democracia interna é a regra absoluta do funcionamento da Federación Nacional. Dende o recoñecemento á pluralidade ideolóxica e á variedade de doutrinas que poidan manifestar as persoas afiliadas, en ningún caso poderán orixinarse tendencias organizadas, prohibición fixada coa finalidade de manter a unidade orgánica e material e moral necesarias para a realización dos seus fins.

O persoal afiliado ten dereito a expresar e divulgar os seus puntos de vista de maneira individual no que respecta á Organización, e esta liberdade non poderá restrinxirse nin coartarse, sempre que isto non se faga a base de diatribas, calumnias ou difamacións das persoas afiliadas ou en contra dos principios, accións e resolucións da FeSP-UGT de Galicia e da UGT, ou en xeral contra da imaxe da UGT. Todo isto require dun complemento inescusable da disciplina no cumprimento e a aplicación da vontade maioritaria.

Os principios de transparencia e publicidade han de rexer tanto na convocatoria como na comunicación de acordos e resolucións á afiliación, por parte dos distintos órganos da nosa Federación. Para isto, articularanse procedementos a fin de garantir a transmisión bidireccional da información entre as persoas afiliadas e os seus representantes; o que haberá de ser especialmente patente en todo o relativo á vida orgánica da Sección Sindical, Sindicato e Sector; pero tamén no que ten que ver coas propostas e resolucións de Congresos e Comités.

Artigo 5. Tarefas e fins da Federación Nacional

As tarefas e fins da FeSP-UGT de Galicia son:

a) Agrupar e organizar a todo o persoal traballador dos Servizos Públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para a mellor defensa dos seus intereses, defendendo sempre as liberdades sindicais tanto individuais como colectivas.

b) O exercicio da actividade sindical na empresa e fóra dela, que comprenderá, en todo caso, a negociación colectiva, o dereito de folga, a presentación de conflitos colectivos e individuais e a presentación de candidaturas para a elección dos correspondentes órganos de representación dos traballadores e traballadoras.

c) Propoñer e esixir dos poderes públicos, leis e normas que favorezan os intereses das persoas traballadoras e garantan a participación das Organizacións Sindicais na negociación colectiva e determinación das condicións de emprego.

d) Participar na elaboración e racionalización de convenios, normas e leis, co obxecto de alcanzar para todos os traballadores e traballadoras que presten directa ou indirectamente algún servizo público, unhas retribucións dignas e equitativas, uns sistemas de formación e promoción adecuados e unha seguridade social xusta e igualitaria, propugnando o mantemento da xestión e da titularidade pública dos servizos. Todo isto, nun marco social e medio ambiental que garanta o benestar de todo o persoal traballador e a prestación universal e gratuíta dos servizos públicos

e) Vixiar e contribuír a que as Administracións e Servizos Públicos na Comunidade Autónoma de Galicia estean ao servizo dos intereses da colectividade, impedindo e denunciando o seu usufruto por minorías ou calquera outro tipo de corrupción, se esta se dese, tanto nas estruturas de calquera Administración como a nivel persoal por razón do cargo ou responsabilidade.

f) Elaborar alternativas nos diferentes Servizos Públicos que, inspiradas nos principios da UGT, garanten tanto a máxima eficacia dos servizos que

se prestan á colectividade como o desenvolvemento e plenitude humana dos traballadores e traballadoras do sector, así como a formación e/ou recualificación de persoas ocupadas e desempregadas.

g) Manter relacións coas Organizacións Sindicais que persigan os mesmos fins e desenvolvan a súa actividade nos mesmos sectores.

h) Articular as ferramentas de información, difusión, divulgación e promoción que se consideren necesarias en cada momento, usando os soportes adecuados ás necesidades e sempre considerando os recursos que as novas tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen.

i) O Congreso e o Comité Nacional poderán asignar á Federación outras tarefas e fins adicionais.

Artigo 6. Presupostos e Medios

As necesidades dunha organización sindical son moi amplas e os medios económicos son limitados, e a eles han de suxeitarse as decisións políticas e estratéxicas no contexto dunha acción prudente e equilibrada.

A Federación Nacional, no seu conxunto, debe regularse polo principio de autofinanciamento e equilibrio orzamentario, limitando a súa actividade a aquela que lle permitan os seus ingresos estables ou razoablemente esperados. A Cota é o elemento fundamental dos nosos presupostos de ingresos.

Para o cumprimento dos seus fins, a FeSP-UGT de Galicia elaborará un presuposto anual que en ningún caso poderá ser deficitario.

Deberán contemplar os recursos necesarios para desenvolver todas as actividades da Federación Nacional e das súas estruturas organizativas provinciais, así como a política de investimentos a realizar.

O presuposto elaborárase aplicando os métodos que conforman unha administración e organizacións modernas e racionais.

O presuposto nacional presentarase ao Comité Nacional, para a súa aprobación, previo informe do Consello, no último trimestre do ano.

Cando no presuposto existan investimentos que alcancen o 15% do devandito presuposto, requirirase o voto favorable de dous terzos do Comité Nacional para a súa aprobación definitiva.

Así mesmo os ingresos por servizos, tanto de carácter interno como externo a terceiros, deberá cubrir os custos do mesmos.

Para o desenvolvemento da acción sindical é preciso coñecer o número de representantes con dedicación completa en cada ámbito territorial e sectorial, e o número de representantes con dedicación parcial con horas

sindicais ou acumulación, onde están asignados e que tarefas desempeñan, especificando a orixe, se é de empresa privada ou pública, e se é de carácter institucional ou por acumulación. Para tales efectos, as Federacións Provinciais facilitarán a información e actualización continua para a configuración e mantemento do Rexistro nacional de recursos.

TÍTULO II

AFILIACIÓN

Artigo 7. Ámbito Xeográfico

A FeSP-UGT de Galicia ten como ámbito xeográfico a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 8. Ámbito sectorial (Sectores que afilia)

8.1. A FeSP-UGT de Galicia afilia, calquera que sexa a relación xurídica en que prestan os seus servizos, ó persoal traballador:

a) Da Administración Civil do Estado, Organismos Autónomos, Entidades Xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, civís da Administración Militar, Entes Públicos, Axencias Estatais e organismos e entidades delas dependentes (AENA, AEAT, etc).

b) Dos organismos europeos e internacionais con sede en Galicia.

c) Da Administración de Xustiza e aos que dependan funcionalmente da mesma (Procuradores, Rexistros da Propiedade, etc).

d) Da Administración Autonómica, o seu parlamento, os seus Organismos Autónomos e calquera outro tipo de organismos dela dependentes.

e) Das Administracións e Entes Locais, concellos, deputacións provinciais, comarcas, mancomunidades, federacións e asociacións territoriais de municipios e provincias, e calquera outro tipo de organismos e entidades delas dependentes.

f) De tratamento, clasificación e xestión da limpeza viaria, recollida de residuos e lixos urbanos (RSU e LV), así como das empresas contratistas de servizos de mantemento urbano e deseño, construción, conservación e/ou mantemento de xardinería pública.

g) De centros educativos de titularidade pública ou privada, nos que se imparta ensino regrado ou non regrado de todos os niveis, desde a educación infantil 0-3 anos á universitaria, ambas inclusive; da formación profesional regrada e non regrada e de calquera dos subsistemas, da formación permanente de persoas adultas, tanto os dedicados a tarefas

docentes, como investigación, administración e servizos ou atención educativa complementaria; ó persoal autónomo que traballe por conta propia no ámbito educativo e non teña asalariados ao seu cargo; ó persoal asociado en forma de cooperativa ou autoxestión e ó persoal dos centros e programas da acción educativa galega no exterior.

h) Dos centros de traballo e empresas de titularidade pública e dos servizos de atención a persoas con discapacidade. Tamén afectará a centros de traballo de titularidade pública xestionados por empresas, fundacións ou asociacións de carácter privado con ese mesmo ámbito funcional. Polo tanto todo o persoal dos centros ou empresas de atención especializada, centros específicos de educación especial e centros especiais de emprego.

i) De quen o posto de traballo teña relación directa ou indirecta coa educación e/ou o ensino, independentemente de que a actividade se desenvolva dentro ou fóra dun centro educativo e que a titularidade sexa pública ou privada.

j) De entidades, organismos, fundacións, empresas ou consorcios que teñan como actividade principal a educación, a intervención socioeducativa ou a investigación e o desenvolvemento no marco universitario.

k) Da sanidade pública e privada, residencias de persoas maiores, axuda a domicilio, teleasistencia e centros de atención e/ou rehabilitación especializados, acción e intervención social, comercialización de produtos farmacéuticos e sanitarios, traballadores/as da sanidade animal e servizos gandeiros e empregados/as en servizos funerarios, así como de empresas de ambulancias.

l) Da Sociedade Anónima Estatal de Correos e Telégrafos S.A., do Organismo Regulador Postal e a traballadores/as do resto de servizos e actividades relacionadas co ámbito do Sector Postal. Isto engloba aos traballadores e traballadoras de Empresas colaboradoras da S.A.E. Correos e Telégrafos, como aqueles que desenvolven a súa tarefa en empresas privadas do Sector Postal.

m) Das Organizacións Non Governamentais, Fundacións e Asociacións sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade como servizos públicos á sociedade.

n) De entes ou empresas de xestión indirecta do servizo público, que existan ou poidan existir, calquera que sexa a súa modalidade, e que teñan ou non relación cos Orzamentos Xerais de calquera das Administracións Públicas.

ñ) Dos servizos públicos que desenvolvan o seu traballo nas actividades económicas relacionadas coas mutuas xestoras da seguridade social obrigatoria; o comercio de produtos farmacéuticos; a recollida, tratamento e eliminación de residuos; a silvicultura; a captación, depuración e distribución da auga; a realización de ensaios e análises técnicas; a limpeza e a xardinería; a organización de convencións e feiras de mostras; as artes escénicas, de creación artística e literaria; a xestión de salas de espectáculos, instalacións e clubs deportivos, etc cando se xestionen directamente polas AAPP; e, en definitiva, todas aquelas relacionadas máis exhaustivamente no anexo II dos Estatutos Federais.

8.2. Fronteiras Sindicais

A actual definición dos ámbitos de afiliación da FeSP-UGT de Galicia é froito do desenvolvemento natural da súa acción sindical e do esforzo dos compañeiros e compañeiras que a realizan. Esta afiliación manterase independentemente dos cambios xurídicos ou dos procesos de privatización que se lles apliquen ou puideran aplicar. No caso de litixio estarase ao disposto nos Estatutos Confederais.

Artigo 9. Ámbito persoal (traballadores e traballadoras que poden afiliarse)

Poderán formar parte da FeSP-UGT de Galicia, o persoal asalariado dos ámbitos citados e aquelas persoas xubiladas ou pensionistas cuxo último traballo se houbera desenvolvido no ámbito da nosa federación, que acepten os Principios, Estatutos e Resolucións da UGT.

Así mesmo, formarán parte: as persoas traballadoras asociadas en forma de cooperativa ou en autoxestión, os traballadores e traballadoras por conta propia dos servizos públicos relacionados no ámbito sectorial anterior e que non teñan asalariados/as ao seu cargo.

Tamén poderán afiliarse á FeSP-UGT de Galicia os/as demandantes de emprego.

Artigo 10. Ingresos e procedementos

En todo o referente aos requisitos e o procedemento tanto para afiliarse como para expedir carnés, e no concernente ao traslado entre federacións estarase ao disposto nos Estatutos e Normativa Interna da UGT.

Artigo 11. Finalización, baixas

En todo o relacionado coas causas para dar de baixa a un afiliado/a o procedemento e as súas consecuencias, estarase ao disposto nos Estatutos e Normativa Interna da UGT.

TÍTULO III

COTIZACIONES

Artigo 12. Establecemento da Cota

Os medios económicos necesarios para realizar os fins sindicais cóbranse mediante as cotas aportadas pola afiliación. O tipo de cota e contía das cotas establecerase nos Congresos Federais e terán o carácter de obrigatorias para toda a Federación Nacional. Así mesmo poderanse establecer cotas extraordinarias, pola FeSP-UGT de Galicia, no seu Congreso ou ben polo Comité cos 2/3 de votos favorables.

Artigo 13. Importe da Cota Nacional

O importe da Cota Nacional será o mesmo que o establecido a nivel Federal (Cota Básica Federal), o cal coincide coa Cota Básica Confederal establecida para o conxunto da UGT.

A cota nacional terá carácter mensual, aínda que a xestión do cobro cando esta se efectúe mediante domiciliación bancaria poida realizarse trimestral, semestral ou anualmente.

O importe da cota nacional será comunicada aos organismos da Federación Nacional, para o seu traslado ás persoas afiliadas e empresas, neste último caso no suposto de desconto en nómina.

Para facilitar a xestión do cobro co fin de dar transparencia ao proceso é estritamente imprescindible identificar as cotas que se liquidan polos distintos organismos, para o cal cada cota deberá asociarse ao nome e apelidos de cada persoa afiliada.

Artigo 14. Xestión Económica da Cota Nacional, Contabilidade e Presentación de Contas

Para o cumprimento das tarefas da Confederación e da Federación, as persoas afiliadas pagan a súa cota correspondente, repartíndose a parte da cota, que se establece no artigo 15 dos estatutos federais para a Federación Nacional, de acordo cos seguintes criterios:

- 65% para as Federacións Provinciais. Descontando da devandita cantidade resultante, a mesma porcentaxe ás contías correspondentes aos gastos comúns de persoal, servizos ou campañas de acción sindical nacional ou sectorial. Contías que se distribuirán de forma proporcional á afiliación de cada estrutura provincial.
- 35% para a Federación Nacional. Descontando da devandita cantidade resultante, a mesma porcentaxe ás contías

correspondentes aos gastos comúns de persoal, servizos ou campañas de acción sindical nacional ou sectorial.

As Federaci3ns Provinciais e a Federaci3n Nacional asumen a pol3tica de investimentos e os recursos para o desenvolvemento da acci3n sindical, nos seus respectivos 3mbitos.

A FeSP-UGT de Galicia levar3 unha 3nica contabilidade que debe ser adecuada e na que incluir3 aos seus organismos inferiores, permitindo o seguimento diferenciado dos mesmos, e que permita ademais unha informaci3n suficiente 3 afiliaci3n

O Balance e a Conta de Resultados realizarase antes do 31 de marzo de cada ano, baixo os criterios contables da Confederaci3n e da Federaci3n Estatal.

A reiteraci3n dunha situaci3n deficitaria nunha organizaci3n en tres ou m3is exercicios, poder3 ser motivo de intervenci3n da Comisi3n Executiva do 3mbito superior, por proposta da Comisi3n de Control Econ3mico e logo da autorizaci3n do Comit3 correspondente. Esa intervenci3n significar3 a perda voluntaria de delegaci3n de poderes e descentralizaci3n de gasto da organizaci3n afectada ata a normalizaci3n da s3a situaci3n econ3mica.

Artigo 15. Obrigaci3n e Reduci3n de Cotizaci3n

Toda a afiliaci3n 3 FeSP-UGT de Galicia est3 obrigada ao pago da cota nacional, mediante o uso dos sistemas establecidos. O incumprimento no seu pago xerar3 a exclusi3n e posterior baixa na afiliaci3n, de acordo co establecido nos Estatutos Confederais.

Por pedimento da afiliada ou afiliado que pase 3 situaci3n de desemprego sen ingresos, a federaci3n correspondente conceder3 unha moratoria no pago da cota. Esta moratoria ser3 de seis meses prorrogables por outros seis meses. Durante o devandito per3odo a persoa afiliada ter3 dereito ao uso dos servizos do Sindicato.

As persoas afiliadas 3 FeSP-UGT de Galicia poder3n acollerse 3 reduci3n da cota nas situaci3ns e polos importes seguintes:

a) Cota Reducida (B)

Os/as afiliados/as 3 FeSP-UGT de Galicia con ingresos anuais 3ntegros procedentes das rendas do traballo ou protecci3n por desemprego iguais ou inferiores en c3mputo anual a 1´50 veces o Salario M3nimo Interprofesional (SMI), pagar3n unha cota mensual equivalente ao 70% da Cota b3sica Confederada.

A Federación Estatal é a encargada, se é o caso, de autorizar por escrito a aceptación de liquidacións de Cotas Reducidas ao Servizo Confederal Administrativo (SCA).

b) Cotas Especiais

Establécense dous tipos de cota Especial:

Unha Cota Especial (C) equivalente ao 50% da Cota Básica Confederal, que se aplicará á afiliación que se encontren en situación de xubilación ou invalidez, e non exerzan actividade laboral remunerada e cuxos ingresos anuais íntegros sexan superiores a 1´50 veces o S.M.I.

Unha Cota Especial (D) equivalente ao 30% da Cota Básica Confederal, que se aplicará á afiliación que se encontren en situación de xubilación ou invalidez, e non exerzan actividade laboral remunerada e cuxos ingresos anuais íntegros non sexan superiores a 1´50 veces o S.M.I., e á afiliación que se encontre en situación de paro e carezan de ingresos ou prestacións.

Artigo 16. Xestión de Afiliación e Cobro

16.1. As cotas recadaranse preferentemente por domiciliación bancaria o no seu defecto por desconto en nómina. Os afiliados e afiliadas outorgan expresamente a súa autorización para que o Sindicato facilite á entidade bancaria ou á empresa a relación de afiliados e afiliadas cos datos persoais necesarios para proceder ao cobro da cota.

No caso de desconto en nómina, os importes e a relación de cotizantes, transfírense directamente dende as Empresas ao Servizo Federal Administrativo (SFA). A xestión da cota sindical -a súa recadación e distribución- estará ligada ao Ficheiro de afiliación.

16.2. Regulamento de Cotas

Será de aplicación o Regulamento de Cotas Confederal.

TÍTULO IV

DEREITOS E OBRIGACIÓN

Artigo 17. Dereitos

Son dereitos de toda a afiliación os contemplados nos Estatutos da UGT.

Artigo 18. Incompatibilidade Sindical

Cando unha persoa afiliada á FeSP-UGT de Galicia sexa designado/a para ocupar en calquera entidade ou empresa pública un cargo político ou de

confianza por elección ou un posto directivo ou de traballo de niveis superiores de mando ou responsabilidade dos consignados como de libre designación, ou exerza algún cargo directivo remunerado en postos de xerencia ou similar, ou como persoa membro dun consello de administración nunha empresa privada, incorrerá en incompatibilidade para formar parte dos órganos de dirección en calquera dos ámbitos orgánicos da FeSP-UGT de Galicia, agás que conte coa expresa autorización da Comisión Executiva.

As persoas traballadoras da FeSP-UGT de Galicia non poderán ser membros de Comisións Executivas, da Comisión de Control e Comités, en calquera dos niveis orgánicos da FeSP-UGT de Galicia. O persoal traballador que pase a exercer algún cargo de responsabilidade política na Organización, por ser elixida ou elixido nos órganos da mesma, solicitará excedencia forzosa ao Organismo no que estea adscrito, mentres permaneza no cargo, segundo o establecido no Artigo 46 do Estatuto dos Traballadores.

Os membros da CEN e das CEP son incompatibles con calquera outro cargo político dentro da Organización.

Os cargos de representación nas Seccións Sindicais enténdense compatibles con calquera outro da Organización, salvo que se determinara outra cousa por organismos superiores, exceptuados os citados no parágrafo anterior.

Artigo 19. Deberes.

Son deberes dos afiliados/as os contemplados nos Estatutos da UGT.

TÍTULO V

ÓRGANOS DA FEDERACIÓN NACIONAL

Artigo 20. Órganos da Federación Nacional

Os órganos da Federación a nivel nacional son:

- O Congreso Nacional
- O Comité Nacional
- A Comisión Executiva Nacional
- A Comisión de Control Nacional
- O Consello Nacional
- A Conferencia Sectorial

- A Conferencia Sindical

En todos os niveis da FeSP-UGT de Galicia establececese un sistema de participación de mulleres e homes nos seus Congresos, Comités e Comisións Executivas que, con criterio xeral, tenderá a ser proporcional ao número de persoal afiliado. En todo caso, garantirase unha presenza mínima do 40 % para cada sexo naquelas organizacións que alcancen ou superen a devandita porcentaxe e para aquelas que non alcancen o 40% incrementarase a porcentaxe de sexo que non alcance nun dez por cento. Esta cota de xénero operará obrigatoriamente para a Federación Nacional e as Federacións Provinciais; en ámbitos inferiores, atendendo ás dificultades de afiliación que puidesen xurdir, contemplaranse as posibilidades do seu cumprimento. No cálculo restante da proporcionalidade, se houbo un posto sobranse distribuírase ao maior resto (afiliadas, afiliados).

Capítulo I. O Congreso Nacional

Artigo 21. Definición e Competencias

O Congreso Nacional é o órgano supremo da Federación. As súas competencias son:

- a) Definir os principios organizativos e establecer as liñas sindicais e políticas que se devolverán.
- b) Recibir para a súa análise, debate e aprobación os informes de Xestión da Comisión Executiva Nacional, da Comisión Nacional de Control e do Comité Nacional.
- c) Acordar modificacións aos presentes Estatutos e outras normas ou regulamentos que os desenvolvan.
- d) Decidir sobre as propostas que lle foran presentadas, así como sobre os recursos interpostos ante o Congreso Nacional.
- e) Elixir á Comisión Executiva Nacional (C.E.N.), á Comisión Nacional de Control, aos/ás representantes da Federación Nacional ante o Comité Federal e aos/ás representantes da Federación Nacional ante o Comité Nacional de UGT-Galicia, e aos delegados e delegadas aos Congresos Ordinarios Federal e da UGT-Galicia.
- f) Aprobar a proposta efectuada polas Conferencias Sectoriais para o nomeamento das 24 persoas membros do Comité Nacional en representación dos Sectores.
- g) Aquelas outras que lle sexan atribuídas nestes Estatutos.

Artigo 22. Congresos Ordinarios

22.1. Periodicidade

Cada catro anos celebrarase un Congreso Nacional Ordinario. Dentro do prazo comprendido entre a convocatoria e a celebración do Congreso Nacional Ordinario, todas as estruturas organizativas da FeSP-UGT de Galicia celebrarán os seus respectivos Congresos Ordinarios.

22.2. Proceso de Documentos de Traballo

O Comité Nacional establecerá unha Comisión de Propostas formada por representantes das Federacións Provinciais que, xunto cos membros da Comisión Executiva Nacional, elaborará o Programa de Acción, para a súa aprobación nunha reunión posterior do Comité Nacional. Os documentos de traballo enviaranse ás Federacións Provinciais, doce semanas, como mínimo, antes do inicio do Congreso Nacional.

A C.E.N. poderá presentar emendas á totalidade ou ao articulado do Programa de Acción e dos Estatutos Nacionais. Son emendas á totalidade as que versen sobre a oportunidade, os principios e o espírito do devandito Programa e Estatutos, e pretendan a súa supresión ou as que propoñan un texto completo alternativo aos mesmos. Igualmente as Federacións Provinciais poderán presentar emendas logo da aprobación do seu Congreso ou Comité.

As emendas ao articulado poderán formularse para a súa supresión, modificación ou adición; nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto concreto que se propoña en substitución do apartado ou do artigo emendado.

As emendas deberán obrar en poder da Comisión Executiva catro semanas, como mínimo, antes do Congreso Nacional. A CEN establecerá os criterios de envío máis adecuados para facilitar esta tarefa.

A Comisión Executiva Nacional enviará dúas semanas, como mínimo, antes do inicio do Congreso, ás Federacións Provinciais, as emendas recibidas e debidamente clasificadas. Esta documentación acompañarase dun resumo escrito da xestión da Comisión Executiva.

Artigo 23. Congresos Extraordinarios

Poderá convocarse un Congreso Nacional Extraordinario por decisión da maioría absoluta dos membros do Comité Nacional ou a solicitude de máis do cincuenta por cento das Federacións Provinciais que representen a súa vez a máis do cincuenta por cento dos afiliados e afiliadas á FeSP-UGT de Galicia.

O Congreso Extraordinario unicamente tratará daqueles asuntos que figuren expresamente na Orde do Día da súa convocatoria.

O seu proceso de convocatoria será similar ao establecido para os Congresos Nacionais Ordinarios, debendo celebrarse dentro das oito semanas seguintes a súa convocatoria polo Comité Nacional.

Artigo 24. Composición

O Congreso Nacional está composto pola delegación elixida democraticamente nos Congresos das Federacións Provinciais e exercerán individualmente o seu dereito a voto no Congreso.

A súa distribución será directamente proporcional ao número de afiliados/as ao corrente de cotización. A base de cálculo establécese sobre o período de trinta e seis meses comprendido entre o quinto e cuadraxésimo mes, ambos inclusive, anteriores ao mes no que se convoque o Congreso Nacional.

No caso de convocatoria de Congreso Extraordinario, terase en conta como base de cálculo o mesmo período que o utilizado para o Congreso Ordinario.

Cada organización elixirá xunto ás persoas delegadas que lle correspondan, un número de suplentes equivalente, como mínimo, ao 25 % dos/as delegados/as titulares e como máximo do 100% da delegación.

Cando para elección de delegados/as ao Congreso se proclame máis dunha lista, poderán optar ao reparto de delegados/as as listas que obteñan como mínimo o 25 % dos votos emitidos. No suposto de que máis dunha lista cumprira con este requisito, os/as delegados/as a elixir asignaranse proporcionalmente aos votos válidos obtidos por cada lista, asignándose da mesma maneira os/as suplentes que se alternarán en función dos resultados de cada lista. Ás delegadas e delegados elixidos correspóndenlles os suplentes das súas respectivas listas. En caso de producirse un empate a votos que imposibilite a asignación do último ou última representante, asignarase á persoa que ostente maior antigüidade de afiliación.

No Congreso terán dereito a voz e voto os/as delegados/as elixidos que o compoñen. Os membros da Comisión Executiva Nacional e Comisión de Control Económico Nacional, así como os/as responsables dos Sindicatos constituídos a nivel nacional, non poderán elixirse como delegados/as ao Congreso, serán acreditados como membros do Congreso e terán dereito voz nel.

Artigo 25. Normas Xerais

25.1. A data, o lugar de reunión e a Orde do Día do Congreso Nacional, así como o número de delegados/as que o compoñen, serán fixados polo Comité Nacional como mínimo, dezaseis semanas antes do seu inicio, facéndose pública a súa convocatoria.

A C.E.N. asignará o número de delegados/as correspondente a cada Federación Provincial, proporcionalmente ao número de afiliados/as polos cales se pagaron cotas á Federación, ben sexa a través do S.F.A. ou outros servizos mancomunados e segundo a certificación emitida polo S.C.A. En todo caso, garantirase a participación dun delegado ou delegada por cada unha das Organizacións convocadas ao Congreso que non obtiveran representación na asignación proporcional de delegados/as.

25.2. Soamente serán elixibles como delegados/as os/as afiliados/as que o día da súa elección estean ao corrente de pago da cota nacional. Terán a condición de elixibles como delegados/as ao Congreso Nacional os/as que acrediten na data da elección, polo menos, dous anos de afiliación ininterrompida á UGT.

Para a acreditación dos delegados e delegadas, estarase ao establecido no Regulamento de Congresos Confederal.

25.3. Para todos os Congresos, que se promovan como consecuencia da convocatoria dun Congreso de ámbito superior, a atribución dos delegados e delegadas ás organizacións que concorran aos mesmos, axustarase á Certificación de Cotas que para os Congresos promotores emita o servizo Confederal Administrativo.

25.4. O Congreso Nacional desenvolverase aténdose ao disposto no Regulamento de Congresos Confederal.

25.5. Os gastos de desprazamento dos delegados e delegadas serán abonados polas Federacións Provinciais, o resto serán a cargo da CEN

25.6. Os gastos aos Congresos Federal e da UGT de Galicia, que non sexan abonados polos devanditos Organismos, repartiranse ao 50% entre a CEN e as Federacións Provinciais.

Capítulo II. O Comité Nacional

Artigo 26. Definición e Competencias

O Comité Nacional é o órgano máximo da Federación entre os Congresos Nacionais Ordinarios. As súas competencias son:

- a) Coñecer o informe da Comisión Executiva sobre a situación xeral, tanto interna como externa, así como o informe anual da Comisión de Control.
- b) Aprobar directrices de xestión para a FeSP-UGT de Galicia, así como resolver todas aquelas cuestións que se lle encomenden por Resolucións do Congreso Nacional ou do propio Comité Nacional. Na súa primeira reunión, trala celebración dos Congresos de ámbito superior, adaptará as Resolucións do Congreso Nacional ás aprobadas polos devanditos Congresos.
- c) Discutir, deliberar e acordar as políticas a desenvolver pola FeSP-UGT de Galicia, dentro do marco das Resolucións aprobadas polo Congreso.
- d) Pronunciarse sobre cuestións político-sindicais e de organización.
- e) Dar o visto e prace ao texto do Programa de Acción Nacional, que sirva de base de discusión para o Congreso Nacional Ordinario..
- f) Aprobar no último trimestre de cada ano os Presupostos anuais da FeSP-UGT de Galicia establecidos no artigo 6 e o peche económico do exercicio anterior; así como o seu programa de actuación para o desenvolvemento da acción sindical.
- g) Fixar as Cotas Extraordinarias de acordo cos criterios establecidos polo Congreso, así como decidir sobre a aplicación dos Fondos que se establezan; todo isto previo informe do Consello Nacional.
- h) Cubrir, pola maioría absoluta dos seus membros, as vacantes que se produzan na Comisión Executiva, Comisión de Control da FeSP-UGT de Galicia e dos seus representantes no Comité Federal e Comité Nacional da UGT-Galicia entre Congresos. No caso de que a vacante afecte á Secretaría Xeral da Comisión Executiva será necesaria unha maioría de dous terzos dos membros do Comité para a súa elección. No caso de que pola Comisión Executiva se tomara a decisión de non cubrir as vacantes existentes no seo da mesma, a devandita decisión deberá tomarse pola maioría absoluta dos membros da Executiva e posteriormente ratificada polo Comité.

Cando na Comisión Executiva quedara vacante a Secretaría Xeral e/ou máis do cincuenta por cento dos seus compoñentes, o resto dos membros convocará o Comité Nacional, o cal se celebrará dentro das catro semanas seguintes á data na que se produciu o feito.

O Comité Nacional cubrirá as vacantes, en votación secreta, con arranxo ao establecido nos Estatutos. Se non se logra cubrir a Secretaría Xeral ou, se é o caso, máis do cincuenta por cento dos membros da Comisión

Executiva, procederáse no acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocar o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

i) Separar, por maioría absoluta dos seus membros, do seu cargo a calquera membro da Comisión Executiva, así como aos representantes da FeSP-UGT de Galicia no Comité Federal e Comité Nacional da UGT-Galicia. Para a separación dos compoñentes da Comisión de Control Económico será necesaria unha maioría de dous terzos do Comité Nacional. Esa mesma maioría será necesaria para a separación da Secretaría Xeral.

O Comité Nacional debaterá a proposta de separación e tomará a súa decisión, en votación secreta, con arranxo ao establecido nos Estatutos. Se a separación afecta á Secretaría Xeral ou a máis da metade dos membros da Comisión Executiva, o Comité procederá no acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocar un Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

Se a separación afecta a algún ou algunha titular da representación da Organización en Comités de ámbito superior, o mesmo Comité deberá cubrir automaticamente a vacante xerada, que non poderá cubrirse pola lista de suplentes.

j) Ratificar a proposta da CEN dos/as responsables nacionais dos Sindicatos, así como a creación ou supresión daqueles que fora preciso e dos/as coordinadores/as dos ámbitos de negociación.

k) Convocar e determinar as datas, lugar e Orde do Día dos Congresos Nacionais, fixar o número de delegados/as, elixir os membros da Comisión de Verificación de Credenciais, garantindo o equilibrio de representación por xénero, e establecer prazos para a elaboración dos Documentos de Traballo para a presentación de emendas, todo isto de acordo ao recollido nos presentes Estatutos. Xunto á convocatoria do Congreso Nacional, o Comité Nacional aprobará o calendario de celebración dos Congresos das Federacións Provinciais.

l) Convocar, por maioría absoluta dos seus membros, o Congreso Nacional Extraordinario.

m) Aprobar e/ou modificar o seu Regulamento de Funcionamento, que estará acorde co que se aprobe a nivel Confederal e Federal.

n) Elevar un informe da súa actuación ao Congreso Nacional, a través dun o dunha representante do Comité Nacional elixido por este de entre os seus membros.

ñ) Crear Comisións para tarefas especiais. Estas Comisións estarán presididas por un membro da Comisión Executiva Nacional.

o) Ratificar a Intervención dun determinado Organismo pola Comisión Executiva, cando no mesmo se estean a producir irregularidades relevantes, de carácter económico ou de funcionamento interno e de aplicación de resolucións.

p) Aquelas outras que lle sexan atribuídas nos presentes Estatutos.

Artigo 27. Xuntanzas Ordinarias

O Comité Nacional reunirse ordinariamente no último trimestre de cada ano. Nese Comité presentarase o peche económico do exercicio anterior e o Informe anual da Comisión de Control que serán postos en coñecemento dos membros do Comité Nacional cunha antelación mínima de catro semanas, e establecerá as pautas xerais en materia de negociación colectiva e de acción sindical, e aprobará o Presuposto da Federación para o ano seguinte.

Anualmente recibirá da Comisión Executiva Nacional un informe sobre a situación política e económica conxuntural, así como sobre a situación da Federación Nacional e os seus plans de traballo.

O Comité Nacional reunido de xeito ordinario, poderá modificar a Orde do Día proposta por acordo da maioría simple dos seus membros.

Artigo 28. Xuntanzas Extraordinarias

Poderá convocarse un Comité Nacional Extraordinario por decisión da Comisión Executiva Nacional, ou a solicitude da maioría absoluta dos membros do Comité con dereito a voto.

O Comité Extraordinario unicamente tratará daqueles asuntos que figuren expresamente na Orde do Día da súa convocatoria que, xunto coa data e lugar de celebración, será fixado polo convocante e dado a coñecer pola C.E.N. aos membros do Comité Nacional, coa máxima antelación posible.

O seu proceso de convocatoria será similar ao establecido para os Comités Ordinarios. Entre a convocatoria e a súa celebración deberán mediar, polo menos, dez días naturais e un mes como máximo. Por razóns de extrema urxencia ou necesidade, o Comité Nacional poderá convocarse pola CEN reducindo o prazo indicado.

Artigo 29. Composición

O Comité Nacional terá unha composición que estableza unha relación adecuada entre o número de membros da C.E.N. e os membros que controlan a súa actuación. Polo tanto o número de membros de pleno dereito do Comité Nacional (sen contar os membros da C.E.N.) será de, polo menos, tres veces o número de membros da C.E.N.

O Comité Nacional estará composto por:

- a) As persoas que compoñen a Comisión Executiva Nacional que son membros natos do Comité Nacional.
- b) Os/As Secretarios/as Xerais das Federacións Provinciais formarán parte, como membros natos da representación das devanditas Federacións. Non poderán substituírse nas súas ausencias das reunións e perden a súa condición de membros do Comité cando cesen na súa responsabilidade.
- c) 50 representantes das Federacións Provinciais. Cada unha das Federacións estará representada por un número de membros calculado proporcionalmente, segundo a certificación de cotas emitida para o Congreso Nacional Ordinario. Dentro dos 50 membros inclúense os/as Secretarios/as Xerais das Federacións Provinciais.
- d) 24 membros en representación dos Sectores, catro por cada un deles, a proposta da súa Conferencia Sectorial e nomeados no Congreso.
- e) Tamén participarán os membros da Comisión de Control, así como os/as responsables dos Sindicatos constituídos a nivel Nacional, todos estes só con dereito a voz.
- f) As Comisións Xestoras estarán representadas no Comité Nacional polo seu Presidente ou Presidenta, que participará nas reunións con dereito a voz.

Artigo 30. Normas Xerais

30.1. As convocatorias dos Comités recollerán a data, hora, lugar e Orde do Día e serán postas en coñecemento dos membros do Comité Nacional con catro semanas de antelación, no caso dos Comités Ordinarios; e coa máxima antelación posible se se trata dun Comité Extraordinario.

Na primeira reunión que celebre, o Comité procederá a constituírse regulamentariamente de acordo coas acreditacións emitidas pola C.E.N., a cal deberá comprobar que todos os membros que compoñen o Comité cumpren os requisitos esixidos para a súa elección.

30.2. Soamente serán elixibles como membros do Comité aqueles afiliados e afiliadas que o día da súa elección estean ao corrente de pago da cota nacional e acrediten, polo menos, dous anos de afiliación ininterrompida á U.G.T. Para a acreditación dos membros do Comité, estarase ao establecido no Regulamento de Comités.

Os membros de pleno dereito elixíranse nos Congresos das Federacións Provinciais.

Cando para a elección de membros ao Comité Nacional se proclame máis dunha lista, poderán optar ao reparto as listas que obteñan, polo menos, o vinte e cinco por cento dos votos emitidos. No suposto de que máis dunha lista cumprira este requisito, a cada unha das listas minoritarias asignaráselle como máximo o vinte e cinco por cento dos membros a elixir, sempre e cando o total alcance o número de catro. A lista maioritaria será a adxudicataria dos restantes membros.

Elixiranse, polo menos, tantos suplentes como titulares correspondan.

As ausencias serán cubertas automaticamente por quen sexa suplentes, segundo a súa orde e mesmo sexo; non obstante cando se produzan vacantes das persoas titulares no Comité Nacional, estas cubriranse polos Comités das organizacións a quen representen de entre os seus afiliados e afiliadas que cumpran os requisitos para ser membros do Comité Nacional.

30.3. Para elixir persoas ou separalas dos seus cargos, os Comités utilizarán sempre a votación secreta. A cobertura de vacante ou a separación de cargo ten que anunciarse na Orde do Día.

30.4. Os Comités Nacionais desenvolveranse aténdose ao disposto nos Estatutos e o regulado polo seu Regulamento. O Regulamento de funcionamento do Comité Nacional aprobarase e/ou ratificarase no primeiro Comité convocado trala aprobación destes Estatutos.

30.5. Os acordos e resolucións do Comité serán comunicados sen demora pola Comisión Executiva Nacional a todas as Federacións Provinciais e á Comisión Executiva Federal.

30.6. Os gastos xerais das xuntanzas do Comité Nacional así como o aloxamento e manutención dos seus membros serán cubertos pola tesourería nacional, e os desprazamentos correrán a cargo das Organizacións ás que representan.

Capítulo III. A Comisión Executiva Nacional

Artigo 31. Definición e Competencias

A Comisión Executiva Nacional é o órgano de dirección permanente da Federación, representándoa tanto interna como externamente. Está suxeita aos Estatutos e ás Resolucións do Congreso e Comités.

As súas funcións son;

a) Cumprir, e facer cumprir as tarefas e mandatos que se deriven dos Estatutos e das Resolucións do Congreso e dos Comités Nacionais,

vixiando polo seu cumprimento e rendendo xestión da súa actuación cada catro anos ante o Congreso.

b) Exercer a dirección da Federación a nivel de Galicia, elaborar os seus Presupostos, proxectos, programas de actuación e actividades de carácter sindical. As de carácter xurídico, financeiro, contractuais e doutra índole serán as que se recollan nos poderes notariais cos que dota a Comisión Executiva Federal da FeSP-UGT á C.E.N. para o desempeño das súas actividades. Todo isto dentro dos límites legais, que mellor sirvan aos intereses da FeSP-UGT.

c) Ostentar a representación da FeSP-UGT de Galicia a nivel interno e externo.

d) Propoñer ao Comité Nacional a convocatoria de Congresos.

e) Convocar as xuntanzas do Comité Nacional, establecer a Orde do Día e presentar cantas propostas se indican nos presentes Estatutos.

f) Propoñer ao Comité Nacional ratificar a decisión tanto da creación, como a modificación ou supresión dos Sindicatos ou ámbitos de negociación que se estimen necesarios, así como dos seus responsables ou coordinadores/as.

g) Facilitar os medios imprescindibles ao resto de Órganos da Federación descritos neste Título.

h) Preparar e executar medidas no exercicio do dereito de folga no ámbito nacional ou cando afecte a varias Federacións Provinciais.

i) Mediar na resolución de conflitos internos da Federación no ámbito de Galicia e velar polo cumprimento dos seus Estatutos.

j) Intervir un determinado organismo, previa consulta ao Consello, cando no mesmo se estean a producir irregularidades relevantes de carácter económico ou de funcionamento interno e de aplicación de resolucións. Nestes casos non permitirán a asistencia aos órganos de control do ámbito superior ás persoas representantes daqueles organismos. A intervención deberá someterse á ratificación do primeiro Comité que se celebre despois da mesma.

k) Nomear aos/ás responsables dos organismos, tanto internos como externos, dependentes da Comisión Executiva Nacional.

l) Aprobar o seu regulamento de funcionamento interno no primeiro trimestre seguinte á celebración do Congreso Ordinario.

m) En definitiva, cantas competencias ou cometidos lle sexan atribuídos polos Estatutos.

Artigo 32. Composición

A Comisión Executiva será elixida polo Congreso Nacional polo sistema de voto maioritario en votación individual e secreta das persoas delegadas, en listas completas, pechadas e bloqueadas. As persoas candidatas á Secretaría Xeral poderán defender a súa candidatura ante o Pleno do Congreso establecéndose o tempo por parte da Mesa do Congreso, en función das candidaturas presentadas. Para ser elixible como membro da Comisión Executiva, será necesario acreditar unha afiliación ininterrompida á UGT de, polo menos, dous anos. A persoa que ostente a Secretaría Xeral non poden ser elixida por máis de tres mandatos consecutivos.

A Comisión Executiva Nacional componse de 17 membros, os cales desempeñarán as seguintes Secretarías:

- S^a Xeral
- S^a de Organización
- S^a de Coordinación Electoral e Afiliativa
- S^a de Administración e Finanzas
- S^a de Política Sindical
- S^a de Igualdade
- S^a de Formación
- S^a Sector da Administración Xeral do Estado
- S^a Sector Postal
- S^a Sector de Administración Autonómica
- S^a Sector de Ensino
- S^a Sector de Saúde, Servizos Sociosanitarios e Dependencia
- S^a Sector de Administración Local e Servizos á Comunidade
- S^a Nacional
- S^a Nacional
- S^a Nacional
- S^a Nacional

Artigo 33. Funcionamento

A responsabilidade da C.E.N. é colexiada, sen que isto exima a de cada un ou de cada unha dos seus membros nas súas funcións específicas.

A C.E.N. dotarase dun regulamento de funcionamento interno.

Artigo 34. Estabilidade da Comisión Executiva

34.1. A Comisión Executiva poderá tomar no seu seo, pola maioría absoluta do número de membros elixidos no Congreso, a Resolución de separar preventivamente das súas funcións a algún dos seus membros. No caso da Secretaría Xeral será necesaria unha maioría de dous terzos

da Comisión Executiva. Esta Resolución da Comisión Executiva deberá ser ratificada polo Comité Nacional que, convocado pola Comisión Executiva, se celebrará dentro das catro semanas seguintes á data na que se produciu a separación. Mentres se manteña a separación de funcións dun membro dunha Comisión Executiva non poderá asistir ás reunión convocadas pola mesma.

Os membros da Comisión Executiva non terán dereito a voto cando o Comité Nacional se pronuncie sobre a súa Resolución.

Se a Resolución da Comisión Executiva é rexeitada, en votación ordinaria, polos votos en contra da maioría absoluta dos membros do Comité Nacional con dereito a voto neste trámite, procederase no acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocar o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

34.2. Vacantes na Comisión Executiva

As vacantes na Comisión Executiva serán cubertas polo Comité Nacional. No caso da Secretaría Xeral será necesaria unha maioría de dous terzos dos membros do Comité e para o resto das Secretarías, a maioría absoluta dos mesmos.

No caso de que pola Comisión Executiva se tomara a decisión de non cubrir as vacantes existentes no seo da mesma, a devandita decisión deberá tomarse pola maioría absoluta dos seus membros e posteriormente ratificada polo Comité.

34.3. Xestión da Comisión Executiva

A Comisión Executiva renderá xestión ante o Congreso Nacional.

Capítulo IV. A Comisión de Control Nacional

Artigo 35. A Comisión de Control Nacional

A Comisión de Control Nacional é o órgano encargado de supervisar a contabilidade, verificar a administración dos medios económicos da Federación, e controlar que o seu uso e criterio de gasto se axuste ás Resolucions dos seus órganos de dirección.

Revisará as contas da Federación Nacional e presentará un Informe anual da súa actuación ao Comité Nacional e un Informe xeral ante o Congreso Nacional, que xulgará a súa xestión. A revisión das contas da Federación terá lugar semestralmente, podendo realizar outras revisións en calquera momento.

A C.E.N. dotará á Comisión de Control dos medios necesarios para o bo desenvolvemento da súa labor. A Comisión de Control poderá contar con axuda profesional externa, previa autorización da C.E.N., para realizar a súa tarefa.

A Comisión de Control verificará as contas e os balances da Federación Nacional e coidará de que, en todo momento, se apliquen as normas contables aprobadas pola Confederación e a Federación.

A Comisión de Control componse de cinco membros, un Presidente ou Presidenta e catro vocais. elixidos polo Congreso Nacional pola maioría absoluta dos/as delegados/as.

Para ser elixible como membro da Comisión de Control, será necesario acreditar unha afiliación ininterrompida á UGT de, polo menos, cinco anos, non ser cargo electo da UGT de ámbito superior ao de Sección Sindical nin empregado ou empregada do Sindicato nin de empresas ou servizos do mesmo.

A sede da Comisión de Control Nacional establécese na sede da C.E.N.

Capítulo V. O Consello Nacional

Artigo 36. Definición, Tarefas e Composición

36.1. O Consello Nacional é o Órgano consultivo da Comisión Executiva. A duración das súas funcións será de Congreso Ordinario a Congreso Ordinario. Na primeira reunión que celebre procederá a constituírse regulamentariamente.

As funcións do Consello Nacional son deliberantes, carecendo de capacidade para adoptar acordos. Serve de apoio á Comisión Executiva para a toma de decisións, facilitando a súa máis eficaz aplicación a través do debate sobre a política xeral a realizar pola Federación. Poderanse crear comisións de traballo no seu seo, presididas por un membro da C.E.N., co obxecto de elaborar informes e elevar propostas sobre previsións ou aspectos concretos de transcendencia para a Federación.

36.2. Composición

Son membros natos do Consello a C.E.N. e os/as Secretarios/as Xerais das Comisións Executivas das Federacións Provinciais. Os/as Secretarios/as Xerais das Federacións Provinciais poderán substituírse, excepcionalmente, por outro membro da Comisión Executiva respectiva, no caso de enfermidade ou razón ineludible xustificada, previa autorización da C.E.N.

Tamén formarán parte do Consello Nacional os/as Presidentes/as das Comisións Xestoras das Federacións Provinciais.

Non obstante, e en función dos temas a tratar, poderán asistir persoas que sen ser membros do Consello, sexan autorizadas en función do interese ou importancia da súa presenza.

Artigo 37. Xuntanzas

37.1. O Consello Nacional reunirse dúas veces ao ano, con carácter ordinario, e de maneira extraordinaria cando os asuntos a tratar así o recomenden. Será convocado pola C.E.N. que elaborará a Orde do Día, e remitirá os documentos a tratar, se é o caso.

Os membros do Consello Nacional poderán propoñer á C.E.N. que se inclúan materias para tratar na Orde do Día da convocatoria.

37.2. Os temas tratados e as conclusións do Consello serán comunicados sen demora pola Comisión Executiva Nacional a todas as Federacións Provinciais.

37.3. Os gastos xerais das xuntanzas do Consello Nacional, así como os desprazamentos dos seus membros, o serán con cargo á tesourería nacional.

TÍTULO VI

ÓRGANOS DAS FEDERACIÓNS PROVINCIAIS

Artigo 38. A Federación Provincial

A Federación Provincial defínese como a organización da FeSP-UGT de Galicia, e o seu ámbito de actuación axústase aos límites xeográficos da provincia correspondente.

As Federacións Provinciais constituirán os seguintes órganos:

- O Congreso
- O Comité
- A Comisión Executiva
- A Conferencia Sectorial

Capítulo I. O Congreso Provincial

Artigo 39. Definición e Competencias

O Congreso Provincial é o órgano supremo da Federación. As súas competencias son:

- a) Definir as liñas sindicais e políticas a desenvolver no su ámbito en consonancia coas aprobadas polo Congreso de ámbito superior.
- b) Recibir para a súa análise, debate e aprobación os informes de Xestión da Comisión Executiva Provincial e do Comité Provincial.
- c) Decidir sobre as propostas que lle foran presentadas, así como sobre os recursos interpostos ante o Congreso Provincial.
- d) Elixir á Comisión Executiva Provincial e aos/ás representantes da Federación Provincial ante ao Comité Nacional da Federación, e aos/ás delegados/as ao Congreso Ordinario Nacional.
- e) Aprobar a proposta efectuada polas Conferencias Sectoriais para o nomeamento das 18 persoas membros do Comité Provincial en representación dos Sectores.
- f) Aquelas outras que lle sexan atribuídas nestes Estatutos.

Artigo 40. Congresos Ordinarios

Cada catro anos celebrarase un Congreso Provincial Ordinario.

Todas as Federacións Provinciais celebrarán os seus Congresos no período comprendido entre a convocatoria do Congreso Nacional Ordinario e a súa celebración.

A Comisión Executiva Provincial enviará, dúas semanas, como mínimo, antes do inicio do Congreso, ás Seccións Sindicais constituídas no seu ámbito xeográfico, un resumo escrito da xestión da Comisión Executiva.

Artigo 41. Congresos Extraordinarios

Poderá convocarse un Congreso Provincial Extraordinario por decisión da maioría absoluta dos membros do Comité Provincial ou a solicitude de máis do cincuenta por cento das Seccións Sindicais constituídas nese ámbito xeográfico que representen a súa vez a máis do cincuenta por cento dos afiliados e afiliadas á Federación Provincial.

O Congreso Extraordinario unicamente tratará daqueles asuntos que figuren expresamente na Orde do Día da súa convocatoria.

No caso de convocatoria de Congreso Extraordinario, terase en conta como base de cálculo o mesmo período que o utilizado para o Congreso Ordinario.

O seu proceso de convocatoria será similar ao establecido para os Congresos Provinciais Ordinarios, debendo celebrarse dentro das oito semanas seguintes a súa convocatoria polo Comité Provincial.

Artigo 42. Composición

O Congreso Provincial está composto polas delegadas e delegados elixidos democraticamente nas Asembleas dos distintos Sectores constituídos na Federación Provincial e exercerán individualmente o seu dereito a voto no Congreso, garantíndose a presenza de todos os Sectores.

As Asembleas Sectoriais compóñense dos/as delegados/as elixidos democraticamente nas Asembleas de afiliados/as das Seccións Sindicais encadrados en cada un dos Sectores.

No caso das Seccións Sindicais constituídas a nivel interno, sen aplicación da L.O.L.S (reflectidas no Artigo 54 destes Estatutos), a participación das persoa afiliadas para a elección dos delegados e delegadas ás Asembleas Sectoriais realizarase de forma análoga ao establecido para as outras Seccións Sindicais.

A súa distribución será directamente proporcional ao número de afiliados/as ao corrente de cotización. A base de cálculo establécese sobre o período de trinta e seis meses comprendido entre o quinto e cuadraxésimo mes, ambos inclusive, anteriores ao mes no que se convoque o Congreso Provincial.

Unha vez feita a distribución de delegados e delegadas en proporción directa ás devanditas cotizacións, o Organismo convocante terá en conta, en todo caso, que o número de afiliados/as ao cal representa cada delegado/a debe ser o mesmo, polo cal será necesario considerar os resultantes de agrupar a aquelas Seccións Sindicais que non alcancen a porcentaxe necesaria para a atribución dun delegado ou delegada.

Cada organización elixirá xunto ás persoas delegadas que lle correspondan, un número de suplentes equivalente, como mínimo, ao 25 % dos/as delegados/as titulares, e como máximo do 100% da delegación.

Cando para elección de delegados/as ao Congreso e ás Asembleas Sectoriais e de Seccións Sindicais se proclame máis dunha lista, poderán optar ao reparto de delegados/as as listas que obteñan como mínimo o 25 % dos votos emitidos. No suposto de que máis dunha lista cumprira con este requisito, os/as delegados/as a elixir asignaranse proporcionalmente aos votos válidos obtidos por cada lista, asignándose da mesma maneira os/as suplentes que se alternarán en función dos resultados de cada lista. Ás Delegadas e Delegados elixidos

correspóndenlle os suplentes das súas respectivas listas. En caso de producirse un empate a votos que imposibilite a asignación do último ou última representante, asignarase á persoa que ostente maior antigüidade na afiliación.

No Congreso terán dereito a voz e voto os/as delegados/as elixidos que o compoñen. Os membros da Comisión Executiva Provincial, así como os/as responsables dos Sindicatos constituídos a nivel provincial, non poderán elixirse como delegados/as ao Congreso, serán acreditados como membros do Congreso e terán dereito voz no mesmo.

Artigo 43. Normas Xerais

43.1. A data, o lugar de reunión e a Orde do Día do Congreso Provincial, así como o número de delegados/as que o compoñen, serán fixados polo Comité Provincial como mínimo, doce semanas antes do seu inicio, facéndose pública a súa convocatoria.

A C.E.P. asignará o número de delegados/as correspondente a cada Sector, proporcionalmente ao número de afiliados/as polos cales se pagaron cotas á Federación, ben sexa a través do S.F.A. ou outros servizos mancomunados, e segundo a certificación emitida polo S.C.A. En todo caso, garantirase a participación dun delegado ou delegada por cada un dos organismos convocados ao Congreso que non obtiveran representación na asignación proporcional de delegados/as.

43.2. Soamente serán elixibles como delegados/as os/as afiliados/as que o día da súa elección estean ao corrente de pago da cota nacional. Terán a condición de elixibles como delegados/as ao Congreso Provincial os/as que acrediten na data da elección, polo menos, dous anos de afiliación ininterrompida á UGT.

Para a acreditación dos delegados e delegadas, estarase ao establecido no Regulamento de Congresos.

43.3. Para todos os Congresos, que se promovan como consecuencia da convocatoria dun Congreso de ámbito superior, a atribución dos/as delegados/as ás organizacións que concorran aos mesmos, axustarase á Certificación de Cotas que para os Congresos promotores emita o servizo Confederal Administrativo.

43.4. O Congreso Provincial desenvolverase aténdose ao disposto no Regulamento de Congresos Confederal.

43.5. Todos os gastos ocasionados polo Congreso Provincial correrán a cargo da Federación Provincial.

Capítulo II. O Comité Provincial

Artigo 44. Definición e Competencias

O Comité Provincial é o órgano máximo da Federación entre os Congresos Provinciais Ordinarios. As súas competencias son:

- a) Coñecer o informe da Comisión Executiva sobre a situación xeral, tanto interna como externa.
- b) Aprobar directrices de xestión para a FeSP-UGT Provincial, así como resolver todas aquelas cuestións que se lle encomenden por Resolucións do Congreso Provincial ou do propio Comité Provincial.
- c) Pronunciarse sobre cuestións político-sindicais e de organización.
- d) Aprobar no último trimestre de cada ano o seu programa de actuación para o desenvolvemento da acción sindical.
- e) Cubrir, pola maioría absoluta dos seus membros, as vacantes que se produzan na Comisión Executiva da FeSP-UGT Provincial e dos seus representantes no Comité Nacional entre Congresos. No caso de que a vacante afecte á Secretaría Xeral da Comisión Executiva será necesaria unha maioría de dous terzos dos membros do Comité para a súa elección. No caso de que pola Comisión Executiva se tomara a decisión de non cubrir as vacantes existentes no seo da mesma, a devandita decisión deberá tomarse pola maioría absoluta dos membros da Executiva e posteriormente ratificada polo Comité.

Cando na Comisión Executiva quedara vacante a Secretaría Xeral e/ou máis do cincuenta por cento dos seus compoñentes, o resto dos seus membros convocará o Comité provincial, o cal se celebrará dentro das catro semanas seguintes á data na que se produciu o feito.

O Comité Provincial cubrirá as vacantes, en votación secreta, con arranxo ao establecido nos Estatutos. Senón se logra cubrir a Secretaría Xeral ou, se é o caso, máis do cincuenta por cento dos membros da Comisión Executiva, procederase no acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocar o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

- f) Separar, por maioría absoluta dos seus membros, do seu cargo a calquera membro da Comisión Executiva, así como aos/ás representantes da FeSP-UGT Provincial no Comité Nacional. Para a separación da Secretaría Xeral será necesaria unha maioría de dous terzos dos seus membros.

O Comité Provincial debaterá a proposta de separación e tomará a súa decisión, en votación secreta, con arranxo ao establecido nos Estatutos. Se a separación afecta á Secretaría Xeral ou a máis da metade dos membros da Comisión Executiva, o Comité procederá no acto a elixir

unha Comisión Xestora e a convocar un Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

Se a separación afecta a algún ou algunha titular da representación da Organización en Comités de ámbito superior, o mesmo Comité deberá cubrir automaticamente a vacante xerada, que non poderá cubrirse pola lista de suplentes.

g) Ratificar a proposta da CEP dos/as responsables provinciais dos Sindicatos, así como a creación ou supresión daqueles que fora preciso, e dos/as coordinadores/as dos ámbitos de negociación.

h) Convocar e determinar a data, lugar e Orde do Día dos Congresos Provinciais, fixar o número de delegados/as e elixir os/as membros da Comisión de Verificación de Credenciais, garantindo o equilibrio de representación por xénero, todo isto de acordo ao recollido nos presentes Estatutos. Xunto á convocatoria do Congreso Provincial, o Comité Provincial aprobará o calendario de celebración das Asembleas Sectoriais.

i) Convocar, por maioría absoluta dos seus membros, o Congreso Provincial Extraordinario.

j) Aprobar e/ou modificar o seu Regulamento de Funcionamento, que estará acorde co que se aprobe a nivel Confederal, Federal e Nacional.

k) Elevar un informe da súa actuación ao Congreso Provincial, a través dun ou dunha representante do Comité Provincial elixido por este de entre os seus membros.

l) Crear Comisións para tarefas especiais. Estas Comisións estarán presididas por un membro da Comisión Executiva Provincial.

m) Aquelas outras que lle sexan atribuídas nos presentes Estatutos.

Artigo 45. Xuntanzas Ordinarias

O Comité Provincial réunese no último trimestre de cada ano con carácter ordinario. Nese Comité estableceranse as pautas xerais en materia de negociación colectiva e de acción sindical.

Anualmente recibirá da Comisión Executiva Provincial un informe sobre a situación política e económica conxuntural, así como sobre a situación da Federación Provincial e os seus plans de traballo.

O Comité Provincial reunido de xeito ordinario, poderá modificar a Orde do Día proposta, por acordo da maioría simple dos seus membros.

Artigo 46. Xuntanzas Extraordinarias

Poderá convocarse un Comité Provincial Extraordinario por decisión da Comisión Executiva Provincial, ou a solicitude da maioría absoluta dos membros do Comité con dereito a voto.

O Comité Extraordinario unicamente tratará daqueles asuntos que figuren expresamente na Orde do Día da súa convocatoria que, xunto coa data e lugar de celebración, será fixado polo convocante e dado a coñecer pola C.E.P. aos membros do Comité Provincial, coa máxima antelación posible.

O seu proceso de convocatoria será similar ao establecido para os Comités Ordinarios. Entre a convocatoria e a súa celebración deberán mediar, polo menos, sete días naturais e un mes como máximo. Por razóns de extrema urxencia ou necesidade, o Comité Provincial poderá convocarse pola C.E.P. reducindo o prazo indicado.

Artigo 47. Composición

O Comité Provincial terá unha composición que estableza unha relación adecuada entre o número de membros da C.E.P. e os membros que controlan a súa actuación.

O Comité Provincial estará composto por:

- a) As persoas que compoñen a Comisión Executiva Provincial que son membros natos do Comité Provincial.
- b) Os/as representantes elixidos nas asembleas Sectoriais distribuídos proporcionalmente, segundo a certificación de cotas emitida para o Congreso Provincial Ordinario.

A composición das Asembleas Sectoriais e o mecanismo de distribución de delegados e delegadas ás mesmas será análogo ao establecido no Artigo 42 destes Estatutos para a súa participación nos Congresos.

O número total de representantes que serven como base de cálculo decídese en cada un dos Congresos Provinciais. En todo caso, respectarase que o número de membros de pleno dereito do Comité, sen contar os membros da Comisión Executiva, sexa, polo menos, tres veces o número de membros da Comisión Executiva correspondente.

- c) 18 membros en representación dos Sectores, tres por cada un deles, a proposta da súa Conferencia Sectorial e nomeados no Congreso.
- d) Tamén participarán os/as responsables dos Sindicatos constituídos a nivel Provincial, só con dereito a voz.
- e) As Comisións Xestoras estarán representadas no Comité Provincial polo seu Presidente ou Presidenta, que participará nas reunións con dereito a voz.

Artigo 48. Normas Xerais

48.1. As convocatorias dos Comités recollerán a data, hora, lugar e Orde do Día e serán postas en coñecemento dos membros do Comité Provincial con catro semanas de antelación, no caso dos Comités Ordinarios; e coa máxima antelación posible cando se trata dun Comité Extraordinario.

Na primeira reunión que celebre, o Comité procederá a constituírse regulamentariamente de acordo coas acreditacións emitidas pola C.E.P., a cal deberá comprobar que todos os membros que compoñen o Comité cumpren os requisitos esixidos para a súa elección.

48.2. Soamente serán elixibles como membros do Comité aqueles afiliados e afiliadas que o día da súa elección estean ao corrente de pago da cota nacional e acrediten, polo menos, dous anos de afiliación ininterrompida á UGT. Para a acreditación dos membros do Comité, estarase ao establecido no Regulamento de Comités.

Os membros de pleno dereito elixíranse nas Asembleas Sectoriais.

Cando para a elección de membros ao Comité Provincial se proclame máis dunha lista, poderán optar ao reparto as listas que obteñan, polo menos, o vinte e cinco por cento dos votos emitidos. No suposto de que máis dunha lista cumprira este requisito, a cada unha das listas minoritarias asignaráselle como máximo o vinte e cinco por cento dos membros a elixir, sempre e cando o total alcance o número de catro. A lista maioritaria será a adxudicataria dos restantes membros.

Elixíranse, polo menos, tantos suplentes como titulares correspondan.

As ausencias serán cubertas automaticamente polos suplentes, segundo a súa orde e mesmo sexo; non obstante cando se produzan vacantes dos ou das titulares no Comité Provincial, estas cubriranse polos Comités das organizacións a quen representen de entre os seus afiliados e afiliadas que cumpran os requisitos para ser membros do Comité Provincial.

48.3. Para elixir persoas ou separalas dos seus cargos, os Comités utilizarán sempre a votación secreta. A cobertura de vacante ou a separación de cargo ten que anunciarse na Orde do Día.

48.4. Os Comités Provinciais desenvolveranse aténdose ao disposto nos Estatutos e o regulado polo seu Regulamento. O Regulamento de funcionamento do Comité Provincial aprobarase e/ou ratificarase no primeiro Comité convocado trala aprobación destes Estatutos.

48.5. Os acordos e resolucións do Comité serán comunicados sen demora pola Comisión Executiva Provincial ás Seccións Sindicais e á Comisión Executiva Nacional.

48.6. Todos os gastos ocasionados polo Comité Provincial correrán a cargo da Federación Provincial.

Capítulo III. A Comisión Executiva Provincial

Artigo 49. Definición e Competencias

A Comisión Executiva Provincial (C.E.P.) é o órgano de dirección permanente da Federación, representándoa tanto interna como externamente. Está suxeita aos Estatutos e ás Resolucións do Congreso e Comités.

a) Cumprir, e facer cumprir as tarefas e mandatos que se deriven dos Estatutos Nacionais e das Resolucións do Congreso e dos Comités Provinciais, vixiando polo seu cumprimento e rendendo xestión da súa actuación cada catro anos ante o Congreso.

b) Exercer a dirección da Federación a nivel da provincia, elaborar os seus proxectos, programas de actuación e actividades de carácter sindical. As de carácter xurídico, financeiro, contractuais e doutra índole serán as que se recollan nos poderes notariais cos que dota a Comisión Executiva Federal da FeSP-UGT á C.E.P. para o desempeño das súas actividades. Todo isto dentro dos límites legais, que mellor sirvan aos intereses da FSP-UGT.

c) Ostentar a representación da FeSP-UGT Provincial a nivel interno e externo.

d) Propoñer ao Comité Provincial a convocatoria de Congresos.

e) Convocar as xuntanzas do Comité Provincial, establecer a Orde do Día e presentar cantas propostas se indican nos presentes Estatutos.

f) Propoñer ao Comité Provincial ratificar a decisión tanto de creación, como a modificación ou supresión dos Sindicatos ou ámbitos de negociación que se estimen necesarios, así como dos seus responsables ou coordinadores/as.

g) Facilitar os medios imprescindibles ao resto de Órganos da Federación descritos neste Título.

h) Preparar e executar medidas no exercicio do dereito de folga no ámbito da negociación colectiva provincial ou das estruturas inferiores.

i) Aprobar o seu regulamento de funcionamento interno no primeiro trimestre seguinte á celebración do Congreso Ordinario.

j) En definitiva, cantas competencias ou cometidos lle sexan atribuídos polos Estatutos.

Artigo 50. Composición

A Comisión Executiva será elixida polo Congreso Provincial polo sistema de voto maioritario en votación individual e secreta dos delegados/as, en listas completas, pechadas e bloqueadas. As persoas candidatas á Secretaría Xeral poderán defender a súa candidatura ante o Pleno do Congreso establecéndose o tempo por parte da Mesa do Congreso, en función das candidaturas presentadas. Para ser elixible como membro da Comisión Executiva, será necesario acreditar afiliación ininterrompida á UGT de, polo menos, dous anos. A persoa que ostente a Secretaría Xeral non poden ser elixida por máis de tres mandatos consecutivos.

O número de membros que compoñen a C.E.P. decídese en cada un dos Congresos Provinciais.

As Federacións Provinciais contemplarán nas súas respectivas Comisións Executivas as mesmas áreas xenéricas e sectoriais que as existentes a nivel nacional.

Artigo 51. Funcionamento

A responsabilidade da C.E.P. é colexiada, sen que isto exima a de cada un ou de cada unha dos seus membros nas súas funcións específicas.

A C.E.P. dotarase dun regulamento de funcionamento interno.

Artigo 52. Estabilidade da Comisión Executiva

52.1. A Comisión Executiva poderá tomar no seu seo, pola maioría absoluta do número de membros elixidos no Congreso, a Resolución de separar preventivamente das súas funcións a algún dos seus membros. No caso da Secretaría Xeral será necesaria unha maioría de dous terzos da Comisión Executiva. Esta Resolución da Comisión Executiva deberá ser ratificada polo Comité Provincial que, convocado pola Comisión Executiva, se celebrará dentro das catro semanas seguintes á data na que se produciu a separación. Mentres se manteña a separación de funcións dun membro dunha Comisión Executiva non poderá asistir ás reunión convocadas pola mesma.

Os membros da Comisión Executiva non terán dereito a voto cando o Comité Provincial se pronuncie sobre a súa Resolución.

Se a Resolución da Comisión Executiva é rexeitada, en votación ordinaria, polos votos en contra da maioría absoluta dos membros do Comité Provincial con dereito a voto neste trámite, procederase no acto a elixir

unha Comisión Xestora e a convocar o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

52.2. Vacantes na Comisión Executiva

As vacantes na Comisión Executiva serán cubertas polo Comité Provincial. No caso da Secretaría Xeral será necesaria unha maioría de dous terzos dos membros do Comité e para o resto das Secretarías, a maioría absoluta dos mesmos.

No caso de que pola Comisión Executiva se tomara a decisión de non cubrir as vacantes existentes no seo da mesma, a devandita decisión deberá tomarse pola maioría absoluta dos seus membros e posteriormente ratificada polo Comité.

52.3. Xestión da Comisión Executiva

A Comisión Executiva renderá xestión ante o Congreso Provincial.

TÍTULO VII

A SECCIÓN SINDICAL

Artigo 53. Definición

A Sección Sindical defínese como a estrutura do Sindicato que agrupa a todos os traballadores e traballadoras afiliados/as á UGT dentro dun mesmo Centro de traballo, empresa ou organismo, o cal constituirá o seu ámbito de actuación.

A Sección Sindical está vinculada ao organismo territorial da Federación do ámbito inmediatamente superior.

Artigo 54. Competencias

A Sección Sindical como representación básica do Sindicato nos Centros de traballo ou empresas, debe ser o expoñente da actuación do Sindicato. A sindicación da negociación colectiva esixe que a Federación, a través da Sección Sindical, protagonice o conxunto de procesos da negociación, aplicación e xestión dos acordos no seo da empresa.

A Sección Sindical como unidade de negociación dentro do seu ámbito, será responsable de potenciar a Organización, aumentando a afiliación, para o que a solicitude de ingreso á FeSP-UGT de calquera traballador ou traballadora farase preferentemente a través desta, fomentando a formación, tanto sindical como laboral. Para isto protagonizará a acción sindical e o conxunto de procesos da negociación colectiva, a súa aplicación e/ou xestión.

A Federación asegurará a participación activa das Seccións Sindicais na negociación colectiva; isto traerá consigo un maior compromiso dos/as afiliados/as coas reivindicacións do Sindicato e coa defensa dos logros acadados nos convenios.

Dentro do marco dun convenio nacional articulado, as materias a tratar nos Centros de traballo son competencia exclusiva das Seccións Sindicais. Da mesma maneira, será tamén competencia exclusiva das Seccións Sindicais a negociación dos convenios colectivos no ámbito da súa empresa e sempre que se faga de acordo coas plataformas sectoriais e liñas de actuación, que en materia de acción sindical sexan marcadas pola Federación.

En definitiva, os fins das Seccións Sindicais son:

- a) Agrupar e organizar a todos os seus afiliados e afiliadas para unha mellor defensa dos intereses dos/as traballadores/as, defendendo as liberdades sindicais tanto individuais como colectivas.
 - b) Propoñer e esixir á empresa, acordos que favorezan os intereses dos/as traballadores/as e garantan a participación das Organizacións Sindicais na determinación das condicións de traballo.
 - c) Traballar e/ou colaborar na negociación de convenios e acordos que permitan conseguir unhas retribucións e medios dignos, uns sistemas de formación e promoción adecuados, e unha saúde laboral no traballo suficiente.
- Os acordos e convenios que asinen as Seccións Sindicais deberán previamente ser coñecidos polo correspondente Órgano Superior da nosa Organización.
- d) Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal dos traballadores e traballadoras nos centros de traballo, así como propiciar e fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - e) Vixiar e colaborar para que a empresa estea ao servizo dos intereses da colectividade, impedindo e denunciando o seu usufruto por minorías ou calquera tipo de corrupción, tanto na súa estrutura administrativa como a nivel persoal por razón de cargo ou responsabilidade.
 - f) Elaborar alternativas que inspiradas en principios solidarios garantan tanto o desenvolvemento e a plenitude humana dos/as traballadores/as da Sección Sindical, coma a máxima eficacia e o mellor servizo á colectividade.

A súa actividade desenvolverase sempre dentro do marco das Resolucións da Federación e baixo a tutela da Comisión Executiva da Federación correspondente.

Para garantir a participación na vida interna do Sindicato, tenderase a que todo afiliado e afiliada o sexa a través dunha Sección Sindical.

Con este fin, constituiranse Seccións Sindicais a nivel interno, sen aplicación da Lei Orgánica de Liberdade Sindical, nas que se organizarán aqueles afiliados e afiliadas que por non existir, no seu Centro de traballo, empresa ou organismo, unha Sección Sindical legalmente constituída non poidan encadrarse nela. Para isto, se é o caso, constituirase unha Sección Sindical que agrupe a todos os afiliados e afiliadas por cada un dos seguintes ámbitos: Administración Xeral do Estado; Administración Autonómica; Administración Local; Servizos á Comunidade; Ensino; Saúde, Servizos Sociosanitarios e Dependencia; Postal.

Artigo. 55. Constitución e Funcionamento

En canto á súa constitución e funcionamento regúlanse polo Regulamento de Constitución e Funcionamento de Seccións Sindicais, que ten carácter de único para a toda a Federación e haberá de entenderse como base e de obrigado cumprimento, podendo complementarse polas propias Seccións Sindicais que así o estimen oportuno, previa aprobación en Asemblea de Afiliados/as e posterior ratificación pola Comisión Executiva Nacional.

Este Regulamento só poderá modificarse polo Congreso ou polo Comité Federal.

As Seccións Sindicais están obrigadas á súa renovación cada catro anos. A devandita renovación debe coincidir co período de Congresos Ordinarios tendo que celebrarse as asembleas antes dos Congresos do seu órgano inmediato superior co obxecto de elixir aos delegados e delegadas aos seus respectivos Congresos.

TÍTULO VIII

OS SECTORES E OS SINDICATOS

Artigo 56. Estrutura Funcional

Chamaremos estruturas funcionais aos organismos (Sectores e Sindicatos), que permiten a potenciación, desenvolvemento, adaptación e maior axilidade da acción sindical, sempre dentro do marco das Resolucións emanadas dos Congresos e Comités e baixo a dirección da Comisión Executiva correspondente ao seu ámbito de actuación.

Dotaranse, dentro do presuposto da Federación Nacional, de partidas que garantan o funcionamento desta estrutura para alcanzar os obxectivos fixados.

Artigo 57. Os Sectores

Os Sectores son a expresión organizativa da Federación a nivel profesional sobre os que se articula a negociación colectiva e a acción sindical. Os Sectores configúranse pola agrupación de ámbitos de negociación, supervisando e coordinando a actividade dos Sindicatos e Coordinacións constituídos no seu ámbito.

Os Sectores dotaranse de grupos de apoio, compostos polos/as responsables dos Sindicatos constituídos no Sector e polos/as coordinadores/as elixidos polo/a responsable do Sector; e contará cos representantes, con dedicación total ou parcial.

O Sector terá obxectivos medibles e cuantificables relacionados coa actividade que desenvolve, polo que é fundamental que conte cos medios necesarios, materiais, humanos e económicos, reflectidos nos presupostos da Federación.

No ámbito nacional e provinciais se constituirán os seguintes Sectores:

- Sector da Administración Xeral do Estado.
- Sector de Administración Autonómica
- Sector de Administración Local e Servizos á Comunidade.
- Sector do Ensino
- Sector de Saúde, Servizos Sociosanitarios e Dependencia.
- Sector Postal.

Todos eles estarán representados dentro da Comisión Executiva Nacional, das Comisións Executivas Provinciais e nos Comités.

Cando unha Administración ou Organismo, na súa organización territorial, exceda os límites provinciais, afectando polo tanto a varios Sectores ou Sindicatos Provinciais, o responsable funcional correspondente coordinará a Acción Sindical nos devanditos ámbitos coa participación das estruturas funcionais territoriais afectadas.

Os correspondentes responsables sectoriais da C..E.N. coordinarán a acción sindical e a negociación colectiva no ámbito sectorial e nas distintas mesas de negociación.

Artigo 58. Secretarías de Sector

Sen menoscabo da representación institucional que ten a persoa que ostenta a Secretaria Xeral da Federación Nacional, a persoa responsable da Secretaria Nacional Sectorial ostentará a representación no ámbito competencial do Sector, será a persoa interlocutora coas organizacións sindicais do seu ámbito e se responsabiliza da Negociación Colectiva dos traballadores e traballadoras que agrupa o Sector no ámbito da Comunidade Autónoma.

Terán a representación política e a responsabilidade da xestión do Sector.

Garanten a coordinación e a cohesión da acción sindical e a negociación colectiva dos Sindicatos no seu ámbito.

Desenvolverán as políticas sindicais establecidas polo Comité e a súa aplicación concreta no sector que corresponda, así como deseñarán as liñas xerais da negociación colectiva no Sector.

A FeSP-UGT, a niveis nacional e provincial, organiza os seus Sectores nas seguintes Secretarías:

- Secretaría da Administración Xeral do Estado.
- Secretaría de Administración Autonómica.
- Secretaría de Administración Local e Servizos á Comunidade.
- Secretaría do Ensino.
- Secretaría de Saúde, Servizos Sociosanitarios e Dependencia.
- Secretaría Postal.

Cada unha destas Secretarías estará coordinada e dirixida pola persoa que ostenta a devandita Secretaria e que forma parte da Comisión Executiva, e é elixido ou elixida en Congreso.

En cada un dos Sectores Nacionais constituirase a Conferencia Sectorial.

En cada un dos Sectores Provinciais constituirase a Conferencia Sectorial.

Artigo 59. A Conferencia Sectorial Nacional

A Conferencia Sectorial é o órgano de participación dos e das afiliados e afiliadas agrupados sectorialmente.

Composición:

A Conferencia Sectorial estará composta por:

- * O Secretario ou Secretaria do Sector Nacional.

* Os e as correspondentes Secretarios ou Secretarias do Sector das Comisións Executivas das Federacións Provinciais (con voto ponderado en relación á súa afiliación no Sector).

* Os e as responsables nacionais dos Sindicatos e Coordinacións constituídos no ámbito do Sector (só con dereito a voz).

* Para garantir a participación de todos e todas os afiliados e afiliadas, aos anteriores pode engadirse un número adicional de persoas membros se así o establecera o Regulamento de Sectores, sendo o seu reparto proporcional ao número de persoas afiliadas en cada Sector provincial.

Xuntanzas:

A Conferencia Sectorial xuntarase cando sexa necesario ao obxecto de debater as propostas, acordos e seguimento da acción sindical propia do seu ámbito e, polo menos, unha vez ao ano no último trimestre previamente á celebración do Comité Nacional.

Na Conferencia Sectorial trataranse os asuntos que estean incluídos na orde do día da convocatoria realizada pola Secretaría de Sector correspondente.

Convocatoria:

A convocatoria e a documentación que haxa de ser obxecto de análise, deberá remitirse aos membros da Conferencia Sectorial, polo menos, con sete días de antelación ao inicio desta. Por razón de máxima urxencia, poderá convocarse reducindo o prazo indicado, non podendo ser menor de corenta e oito horas ao inicio desta.

Os gastos de desprazamento das persoas membros da Conferencia, para asistir á xuntanza da mesma, serán abonados pola tesourería nacional e os de manutención correrán a cargo das organizacións a quen representan.

Competencias:

* Desenvolver as políticas sindicais establecidas polo Comité Nacional e a Conferencia Nacional e a súa aplicación concreta no conxunto do Sector correspondente.

* Diseñar as liñas xerais da Negociación Colectiva no Sector.

* Propoñer a dúas persoas (home e muller) para que unha delas sexa a elixida polo Congreso Nacional como Secretario ou Secretaria do Sector, formando parte da Comisión Executiva. Para a súa elección terase en conta a composición da Comisión Executiva en base á cota de xénero.

* Propoñer aos catro membros do Comité Nacional para que, elixidos polo Congreso, formen parte deste órgano en representación do Sector. Na proposta deberanse tamén nomear os suplentes, tantos como titulares, e respectarase igualmente a proporcionalidade baseada no xénero.

* Propoñer os ou as representantes, nos supostos de permisos ou bolsas de horas de ámbito autonómico, con dedicación total ou parcial, para ratificación pola Comisión Executiva.

Artigo 60. A Conferencia Sectorial Provincial

A Conferencia Sectorial é o órgano de participación dos afiliados e afiliadas agrupados sectorialmente.

Composición:

A Conferencia Sectorial estará composta por:

* O ou a Secretario ou Secretaria do Sector Provincial.

* Os ou as Secretarios ou Secretarias Xerais das Seccións Sindicais do ámbito do Sector (con voto ponderado en relación á súa afiliación no Sector).

* Os ou as responsables provinciais dos Sindicatos e Coordinacións constituídos no ámbito do Sector (só con dereito a voz).

Xuntanzas:

A Conferencia Sectorial xuntarase cando sexa necesario ao obxecto de debater as propostas, acordos, e seguimento da acción sindical propia do seu ámbito e, polo menos, unha vez ao ano no último trimestre, previamente á celebración do Comité Provincial.

Na Conferencia Sectorial trataranse os asuntos que estean incluídos na orde do día da convocatoria realizada pola Secretaría de Sector correspondente.

Convocatoria:

A convocatoria e a documentación que haxa de ser obxecto de análise, deberá remitirse aos membros da Conferencia Sectorial, polo menos, con sete días de antelación ao inicio desta. Por razón de máxima urxencia, poderá convocarse reducindo o prazo indicado, non podendo ser menor de corenta e oito horas ao inicio desta.

Os gastos de desprazamento das persoas membros da Conferencia, para asistir á xuntanza da mesma, serán abonados pola tesourería provincial.

Competencias:

* Desenvolver as políticas sindicais establecidas polo Comité Nacional e a súa aplicación concreta no Sector que corresponda.

* Desenvolver as liñas xerais da Negociación Colectiva no Sector.

* Propoñer a dúas persoas (home e muller) para que unha delas sexa a elixida polo Congreso Provincial como Secretario ou Secretaria do Sector, formando parte da Comisión Executiva. Para a súa elección terase en conta a composición da Comisión Executiva en base á cota de xénero.

* Propoñer aos tres membros do Comité Provincial para que, elixidos polo Congreso, formen parte deste órgano en representación do Sector. Na proposta deberanse tamén nomear os suplentes, tantos como titulares, e respectarase igualmente a proporcionalidade baseada no xénero.

Artigo 61. Os Sindicatos e Coordinacións

Os Sindicatos e Coordinacións son as estruturas sobre as que se articula a negociación colectiva e a acción sindical.

Os/as responsables dos Sindicatos e os/as Coordinadores/as serán nomeados e cesados pola Secretaría da Comisión Executiva da que dependa a súa xestión, sendo ratificado polo Comité correspondente.

Se unha Secretaría de Sector quedara vacante, os/as responsables dos Sindicatos e os/as Coordinadores/as correspondentes a esta quedarán en funcións ata a súa posterior ratificación ou cese polo responsable da Secretaría do Sector.

A Comisión Executiva correspondente creará, modificará ou suprimirá, previa aprobación en Comité, os Sindicatos e as Coordinacións que sexan necesarios para o mellor desenvolvemento da actividade sindical.

A creación dun Sindicato ou coordinación a nivel nacional non obriga á creación destes por parte das Federacións Provinciais.

Artigo 62. A Conferencia Sindical Nacional

A Conferencia Sindical Nacional é o órgano de participación dos e das afiliados e afiliadas afectados por un mesmo ámbito de negociación.

Composición:

A Conferencia Sindical Nacional estará composta por:

* O ou a Secretario ou Secretaria do Sector Nacional.

* O ou a Responsable do Sindicato Nacional ou do ámbito de negociación.

* Os ou as Responsables dos Sindicatos das Federacións Provinciais ou persoa designada pola súa Federación Provincial, con voto ponderado.

Xuntanzas:

A Conferencia Sindical Nacional xuntarase cando sexa necesario ao obxecto de debater as propostas, acordos, e seguimento da acción sindical propia do seu ámbito.

Na Conferencia Sindical Nacional trataranse os asuntos que estean incluídos na orde do día da convocatoria realizada pola Secretaría de Sector correspondente.

Os gastos de desprazamento das persoas membros da Conferencia, para asistir á xuntanza da mesma, serán abonados pola tesourería nacional e os de manutención correrán a cargo das organizacións a quen representan.

Convocatoria:

A convocatoria e a documentación que haxa de ser obxecto de análise, deberá remitirse aos membros da Conferencia Sindical, polo menos, con sete días de antelación ao inicio desta. Por razón de máxima urxencia, poderase convocar reducindo o prazo indicado, non podendo ser menor de corenta e oito horas ao inicio desta.

Resolucións:

Os acordos da Conferencia tomaranse atendendo á proporcionalidade de cotizacións que teñan as Federacións Provinciais no respectivo Sindicato ou ámbito de negociación, no período de cómputo de mandatos do Congreso Ordinario.

Artigo 63. Sindicatos Profesionais

Denominamos Sindicato Profesional, a aquela estrutura de carácter profesional que, dentro da Federación, atende sobre a problemática de colectivos que manteñen unha especificidade corporativa ou profesional. Terán autonomía en materia de carácter profesional e non poderán contravir as decisións e acordos da Federación.

Crearanse tantos Sindicatos Profesionais como sexa necesario para atender as reivindicacións profesionais de colectivos específicos. Podéndose crear, modificar ou cambiar a súa denominación no Comité.

O Comité Nacional, a proposta da CEN, será o encargado de ratificar tanto a creación, modificación ou supresión dos Sindicatos Profesionais que se estimen necesarios así como as persoas responsables dos mesmos. Para a creación destes será necesario o voto favorable de dous terzos do Comité Nacional. A creación dun Sindicato Profesional a nivel Nacional non obriga á creación deste por parte das Federacións Provinciais. Naquelas Federacións Provinciais onde non se creen os

Sindicatos Profesionais serán as persoas que ostenten as Secretarías do Sector correspondente os que asuman as súas funcións e obrigacións.

Cando existan problemáticas de carácter profesional, que requiran ser abordadas, pero que polo seu carácter xenérico afecten a máis dun ámbito sectorial e/ou colectivo profesional, estas terán que ser coordinadas pola Comisión Executiva do seu ámbito de actuación.

Os Sindicatos Profesionais, tanto no seu funcionamento, composición, réxime de xuntanzas e demais cuestións que lles afecten, estarán reguladas por un regulamento específico que a proposta da C.E.N. será aprobado polo Comité Nacional e que será acorde co que se aprobe a nivel federal. Unha vez constituídos os respectivos Sindicatos Profesionais, e unha vez ratificados os nomeamentos polo Comité Nacional, os ou as responsables, polo menos unha vez ao ano, darán conta da súa actividade ao sector ou sectores afectados.

Artigo 64. Áreas de Actividade

Para un mellor desenvolvemento das políticas organizativas e horizontais, garantirase unha xuntanza anual dos responsables nacionais das Secretarías xenéricas cos responsables destas mesmas funcións en cada unha das Federacións Provinciais.

Os gastos de desprazamento, para asistir ás xuntanzas das mesmas, serán abonados pola tesourería nacional e os de manutención correrán a cargo das Federacións Provinciais.

TÍTULO IX

OUTRAS MATERIAS

Artigo 65. Adopción de Acordos

En canto aos criterios para que os órganos da Federación, a todos os niveis, podan adoptar acordos e resolucións e elixir ou destituír persoas estarase ao disposto nos Estatutos Confederais.

Artigo 66. Elección de Representantes e dos Órganos na Federación

O procedemento e os requisitos tanto para a elección de persoas como de órganos é o establecido nos Estatutos Confederais para o conxunto da UGT.

Artigo 67. Vixencia e Reforma dos Estatutos

67.1. Os Estatutos Nacionais poderán modificarse polo Congreso Nacional.

67.2. As modificacións, para ser aprobadas, deberán obter o respaldo da maioría absoluta dos/as delegados/as do Congreso Nacional.

As emendas poderán presentarse polas Federacións Provinciais, previa aprobación do seu Congreso ou Comité, e pola Comisión Executiva Nacional.

67.3. As propostas de modificación que se formulen ante o Congreso deberán ser coñecidas previamente polas organizacións, debendo formularse dentro dos prazos establecidos cando se trata dun Congreso Ordinario. Tratándose dun Congreso Extraordinario, as propostas enviaranse ás organizacións xunto á Orde do Día do Congreso.

67.4. As modificacións aprobadas que afecten á composición dos órganos nacionais e provincias, así como aos requisitos e procedementos para a súa elección, serán de aplicación inmediata polo mesmo Congreso que as aprobou. O resto das modificacións aos Estatutos entrarán en vigor unha vez haxa concluído o Congreso que as aprobou.

Artigo 68. Comisións Xestoras

68.1. As Comisións Xestoras que se elixan ou sexan nomeadas para substituír transitoriamente a una Comisión Executiva terán limitada a súa actuación a un período máximo de catro meses, ata a celebración do Congreso Extraordinario ou Ordinario. A criterio da Comisión Executiva do ámbito superior cando as circunstancias requíranlo, de forma fundamentada e de maneira excepcional, poderase prolongar a súa actuación. Os prazos de actuación das Comisións Xestoras non poderán superar a data de celebración do Congreso Ordinario.

A Comisión Xestora non poderá tomar decisións extraordinarias que alteren substancialmente a vida da Organización. A súa actividade estará tutelada pola Comisión Executiva da Organización de ámbito superior.

68.2. A Comisión Xestora que substitúa transitoriamente a unha Comisión Executiva, deberá ser elixida en votación secreta, polo Comité da Organización do seu ámbito de funcionamento.

Previamente á presentación de candidatura/s, o Comité ou órgano que nomee a xestora fixará o número de compoñentes. Procurarase que as persoas que compoñen a candidatura ou candidaturas cumpran o requisito de antigüidade en afiliación esixida para ser membro da Comisión Executiva dese organismo. As listas serán completas, pechadas e bloqueadas. O procedemento de elección das comisións xestoras será,

por analogía, o recollido nos Estatutos da UGT para a elección das Comisións Executivas agás o previsto para a recollida de avais.

Se a Organización non tivese o Comité constituído regulamentariamente, non puidera reunilo coas garantías requiridas para a adopción de acordos, ou se o órgano é intervido, a Comisión Executiva da organización de ámbito superior realizará o nomeamento da comisión xestora e a convocatoria do Congreso para a elección dunha nova Comisión Executiva.

68.3. Nomearase ou elixirase unha Comisión Xestora nos seguintes casos:

a) Cando o Comité rexeite a Resolución da Comisión Executiva de separar das súas funcións a algún dos seus membros.

b) Cando o Comité separe do seu cargo ó/á Secretario/a Xeral ou a máis da metade dos membros da Comisión Executiva.

c) Cando estando vacante a Secretaría Xeral, o Comité non logre cubrila con arranxo á maioría establecida regulamentariamente.

d) Cando estando vacante máis da metade dos postos da Comisión Executiva, o Comité non logre cubrir as prazas suficientes para repoñer a maioría de membros da Comisión Executiva.

e) Cando o organismo sexa intervido pola Comisión Executiva de ámbito superior, como consecuencia de irregularidades relevantes, de carácter económico ou de funcionamento interno e de aplicación de resolucións, nos termos indicados no artigo 31.j) destes Estatutos.

DISPOSICIÓNS

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira: Estatutos

Os Estatutos da Federación Nacional deben estar en harmonía cos Estatutos Federais da FeSP-UGT e Confederais da UGT, non podendo contradicilos

En todo o non regulado nos presentes Estatutos estarase ao disposto nos Estatutos e Normativa Interna Confederal, así como no establecido nos Estatutos e Resolucións Federais da FeSP-UGT.

Segunda: Prelación Normativa

Establécese a seguinte orde de prioridade nas Resolucións que se tomen no ámbito da Federación Nacional:

- 1.- Acordos e Resolucións do Congreso e do Comité Nacional.
- 2.- Acordos e Resolucións dos Congresos e Comités das Federacións Provinciais.
- 3.- Acordos da Asemblea Xeral da Sección Sindical.

Terceira: Abono Gastos pola Tesourería nacional

A tesourería nacional soamente farase cargo dos gastos de desprazamento relacionados coa acción sindical das persoas membros das Federacións Provinciais cando haxa unha convocatoria da C.E.N. ao respecto.

Cando se trate de gastos de desprazamento, con motivo de asistencia a mobilizacións, repartiranse ao 50% entre a C.E.N. e as Federacións Provinciais.

Cuarta: Elección de persoas delegadas e representantes da Federación aos Congresos e Comités, respectivamente, das Unións.

Ante o novo mapa comarcal aprobado no 12º Congreso da UGT-Galicia, os Congresos Extraordinarios da Federación a celebrar para elixir os e as delegados e delegadas aos Congresos e representantes aos Comités das Unións de: Ferrol, Coruña-Cee, Compostela-Barbanza, Pontevedra-Arousa-Deza, Vigo, están compostos por:

- Os e as delegados e delegadas elixidos democraticamente nas Asembleas dos distintos Sectores que se correspondan cos devanditos ámbitos territoriais das Unións.

As Asembleas Sectoriais compoñeranse dos/as delegados/as elixidos democraticamente nas Asembleas de afiliados/as (pertencentes a cada un dos ámbitos xeográficos enriba descritos) das Seccións Sindicais (tanto as constituídas con aplicación da L.O.L.S., como sen a súa aplicación -reflectidas estas últimas no Artigo 54 destes Estatutos-) encadradas en cada un dos Sectores.

O mecanismo de distribución de delegados e delegadas ás mesmas será análogo ao establecido no Artigo 42 destes Estatutos.

Os Congresos Extraordinarios da Federación serán convocados pola Comisión Executiva Provincial na que estea incluída o ámbito xeográfico correspondente. Así mesmo designarán aos tres membros da Comisión de Verificación de Credenciais.

No que respecta ás Unións Provinciais de Lugo-Costa-Lemos e Ourense-Verín-Valdeorras, os e as representantes das Federacións Provinciais de

Lugo e Ourense aos Comités das devanditas Unións, respectivamente, elixiranse nos Congresos Constituintes das FeSP-UGT Provinciais. O mecanismo para a elección de delegados e delegadas aos Congresos desas Unións é o mesmo que o descrito para as restantes Unións.

Os procedementos de votación, candidaturas, etc, son os establecidos nas normas estatutarias da Organización.

Quinta: Organización a nivel Provincial

As Federacións Provinciais nos seus Congresos aprobarán unha Resolución de carácter organizativo que debe contemplar:

- Número de membros e composición da C.E.P.
- Número total de representantes ao Comité Provincial, que será, polo menos, tres veces o número de membros da C.E.P.

Sexta: Delegacións Comarcais

As Delegacións Comarcais establecidas no artigo 2 se configuran como estruturas de coordinación e desenvolvemento electoral e afiliativo, toda vez que achegan a atención das nosas estruturas aos e ás traballadores e traballadoras.

O sistema de elección das persoas responsables das devanditas Delegacións é análogo ao que se establece no artigo 42 e na Disposición Adicional Cuarta destes Estatutos, a través dun Congreso Extraordinario da Federación, no que os delegados e as delegadas ao mesmo serán elixidos democraticamente nas Asembleas dos distintos Sectores que se correspondan cos ámbitos territoriais das Delegacións comarcais.

Sétima: Elección da persoas representantes da Federación nos Consellos das Unións de Ferrol, Compostela-Barbanza e Pontevedra-Arousa-Deza

O sistema de elección das persoas representantes da Federación nos Consellos das Unións mencionadas é análogo ao que se establece no artigo 42 e na Disposición Adicional Cuarta destes Estatutos, a través dun Congreso Extraordinario da Federación, no que os delegados e as delegadas ao mesmo serán elixidos democraticamente nas Asembleas dos distintos Sectores que se correspondan cos ámbitos territoriais das devanditas Unións.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira: Enderezo da Federación

O enderezo da FeSP-UGT de Galicia establécese en Santiago de Compostela, na Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 12, 1º.

A FeSP-UGT de Galicia poderá cambiar de enderezo dentro da localidade de Santiago de Compostela, por acordo do Comité Nacional.

Segunda: Para o ano 2016 a media de cotización a considerar para a representación das Federacións Provinciais ao Comité Nacional será a correspondente á do Congreso Nacional.

DISPOSICIÓN FINAL

Estes Estatutos entrarán en vigor unha vez sexan aprobados polo Congreso Nacional. Non obstante, os Congresos das organizacións da FeSP-UGT de Galicia convocados con anterioridade á entrada en vigor destes Estatutos, rexeranse no seu procedemento de convocatoria, composición e distribución de delegados/as polos Estatutos, Normas e Regulamentos vixentes no momento da súa convocatoria.

O Comité Nacional da Federación queda facultado para solucionar as posibles contradicións normativas que puideran xurdir como consecuencia do aprobado no Congreso Federal, previo visto e prace da CEF.